



A memoria recobrada dos cregos republicanos



A foto que fala

Máscaras que representan políticos corruptos aliñadas diante do Congreso Nacional, en Brasilia. Mentres, a xustiza encurrala a Michel Temer. (Foto AP / Eraldo Peres)



O trasno

Daniel López Muñoz

Trump, a hecatombe climática (entre outras) e a sabedoría da aldea



Aos que tivemos a enorme fortuna de participar no último encontro da rede *Vivimos no Rural*, nos Ancares, cando maio devalaba, acendéronsenos unha mancha de ideas. Son encontros xeradores, encontros parteira. Serven para que nazan enfoques novos, mesmo, veredes, de ciencia ficción.

Cando Isolina nos explicou como fora a súa vida naquela casa cuberta cun colmado de palla de trigo e centeo -iso que deron en chamar “palloza”, pero que eles chamaban “a nosa casa”; cando arredor da lareira,

sentados nos escanos, escoitabamos ao cura de Rao, houbo varias revelacións, desas que consisten en descubrir a importancia do evidente. E unha desas evidencias é que naquelas casas, redondas e sostibles, concentrábanse ducias de habilidades e oficios que facían posible unha existencia humana e digna ás familias do Piornedo. Unha maneira de habitar que agora, fachendosamente, chaman de “enerxía cero”. E xa estaba inventada: non se gasta máis enerxía da que se xera. Sen residuos, sen pegada ecolóxica.

Alí concéntranse os saberes básicos dunha autosuficiencia de calidade, requintada, de nivel. A comunidade autosuficiente. Saberes e achegas de carpintería, de cantería, de cesteiras e albardeiros, ferreiros e tecedoras, de cociña e labranza. De todo un pouco, pero de nota, porque os trísceles eran finos, a arquitectura perfecta para os medios dispoñibles e admirables os detalles todos. E soubéronos preservar íntegros como museo para os que veñen despois.

Museo? Ou se cadra escola de futuro? Porque vén agora Trump e di que ao clima e ao cambio ese “que lle dean!”. Pero a comunidade científica está moi preocupada polas consecuencias dese cambio. Porque non se trata duns trebonciños, vagas de calor ou dun adeus ao areal de Riazor. Fálase de irreprimibles movementos de poboación, guerra polos recursos hídricos, desgrazas naturais sen comparación, violencia entre nacións.

E se a hecatombe se desata? E se hai que volver á autosuficiencia e á “enerxía cero” porque non hai outra? Onde imos reaprender os oficios e saberes básicos dunha autosuficiencia imprescindible? Como vivir despois do colapso de internet, da rede eléctrica e telefónica, da industria e do mercado... de todo o que nos fai dependentes e inútiles? Que sabe a xente nova do básico: criar animais, facer casas cos materiais dispoñibles, labrar a bidueira, fiar e tecer, cultivar o trigo e facer o pan...? Facemos a película?

Editorial Aquelas armas de destrución masiva

A situación de pánico que crea en toda Europa o terrorismo xihadista non é algo que aparece por ensalmo, sen causa nin razón. Analistas internacionais nos medio máis serios trazan perfectamente clara a liña de conexión entre a invasión de Irak en 2003 e o que estamos a vivir. Deberíamos agora recuperar o histórico de artigos e tomas de posición de *Irimia* e doutras voces cando aquel cuarteto do Cumio dos Azores (Bush, Blair, Aznar e Durao Barroso, o anfitrión) fixeron a foto. Aquela invasión foi un acto ilegal, desde o punto de vista do dereito internacional. Foi un acto imbécil desde o punto de vista de estratexia. Foi un acto inmoral baseado nunha mentira reiterada mil veces para que parecese verdade: que Sadam tiña armas de destrución masiva.

O mundo, desde aquela, volveuse un sitio moito máis perigoso

Debería haber un “xuízo de Nuremberg” para tanta torpeza criminal. Para tanto sufrimento, incerteza e dor, coma sempre, para os máis vulnerables, todo por intereses petroleiros e por desenferxar a maquinaria militar, a “bota que pisa con estrépito”. Blair, cando menos, recoñeceu o erro. Aznar segue presumindo.

O mundo volveuse un sitio moito máis perigoso. A degradación das condicións de vida en toda aquela rexión, a violencia organizada en grupos irreconciliables, o refuxio ao abeiro do fundamentalismo islamita, toda esa reacción de pezas de dominó, acabou por crear algo peor que Alqaeda, porque o autodenominado Estado Islámico ten un territorio propio (varios centos de veces máis grande que ningún territorio antes controlado por Bin Laden), un poderoso e “enigmático” financiamento e un atractivo considerable para rapaces e rapazas de orixe musulmá que se senten feridos e marxinalizados nos arrabaldes miserentos das cidades europeas. A tormenta perfecta.

Madrid, Londres, Bruxelas, Niza, Paris... de novo Londres. A situación é realmente preocupante. Pero máis preocupante é a consecuencia obxectiva do que está a pasar: a opinión pública cae na trampa de pensar coas vísceras e resulta máis fácil apuntar co dedo e culpabilizar as vítimas (os refuxiados sen refuxio nesta Europa amedrentada) que facer unha reflexión crítica e apuntar aos que cheos de si mesmos decidiron salvarnos de Sadam Hussein e as súas armas terribles e inexistentes e, de paso, facerse unha foto para a historia... da ignominia.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Pois achégase o verán e para aos que nos gusta ler esta estación ten un valor engadido. Trátase dun tempo no cal podemos investir nunha das nosas paixóns. Non hai nada coma a compañía dun libro na fresca dun día de calor. Poder mergullarte nun libro complexo mentres adormeces nunha sombra non ten prezo.


E grazas a Deus a oferta de libros é infinita. Amiguiño, non les porque non che peta ou non che presta, porque hoxe por hoxe calquera ten un bo libro ao alcance da man. Pensa na oferta de bibliotecas públicas que hai. Ou non tes un amigo ou amiga que che preste

un libro que el mesmo che aconselle? Ademais, en internet hai centos de foros e de consellos que, de seguro, cadran cos teus gustos. Por exemplo, despois de ler algún libro a min gústame moito ler o que se di por aí na rede.

Vaia maneira de enlearvos e total para dicirvos que acabo de estar nunha historia ben xeitosa. O Sello (semana do libro de Compostela). Un encontro con libeiros e lectores no increíble marco da praza da Quintana da capital. Un xeito moi interesante para atopar algún bo libro e sobre todo poder compartir interese. Parabéns á organización.



1



3



2



4



A peneira

1

Un matrimonio galego foi gasinado en **MÉXICO**, un país con máis de douscentos mil desaparecidos en 10 anos. A metade dos 500.000 migrantes e refuxiados que o atravesan no ano de paso para EUA sofre violencia; outros sófrenas nos países de orixe. Na foto Juan J. Sosa, refuxiado en Lugo, ameazado de morte pola súa defensa dos indíxenas.

2

Máis de 1500 **INMIGRANTES** desapareceron no Mediterráneo no que vai de ano (5000 no 2016). Dende o 2000 xa son máis de 37.000, moitos buscando Italia dende Libia, despois que que pechasen a saída de Grecia, onde hai sesenta mil atrapados ante a pasividade de Europa.

3

Os dez mil produtores de **CASTANAS** loitan contra a avés de orixe chinesa que está a invadir os soutos ata chegar a secar as árbores, o que impediría recoller as 20.000 toneladas da pasada campaña. Entre plantacións mixtas e soutos exclusivos de castiñeiros hai preto de cincuenta mil hectáreas.

4

O 17 é a I Feira dos Sabores e **SABERES** na Área Central das Fontiñas de Santiago. Está coordinada polo colectivo A Incubadora coma unha mostra da nosa cultura popular: oficios, artes, gastronomía e visibilidade do noso patrimonio. Para máis información: arrexo4@gmail.com


5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A rede **ACAMPA** convida á defensa dos Dereitos Humanos, o Dereito Internacional Humanitario, e o Dereito a Refuxio cunha acampada nos Xardíns de Méndez Núñez na Coruña, do 15 ao 18, programando distintas iniciativas e actividades, como a memoria histórica.

6

No "Día de **PORTUGAL**", o 10, celebramos os vencellos que seguen a unirnos cada xornada. Nestes días estréase en Pontevedra o documental *A Guerra também foi nossa*, da televisión portuguesa RTP. Tres anos despois, a represión franquista afectou, só na Galiza, a 370 veciños portugueses, co asasinato de 68.

7

O 27 principiou o mes do **RAMADÁN**. Marxinados, só en 32 centros se imparte cultura e lingua árabes como actividade extraescolar. En Lugo viven 1500 marroquís. Non se cumpre coa obriga de nomear profesorado desta relixión, e o 95% das e dos alumnos non a cursan a pesar de que hai moitos no paro.

8

A Asociación de Custodia do Territorio (2008) celebra o 17 o **MAZARICO** real, en risco na Terra Chá, ao tempo que abre o prazo para apuntarse InsuaCAMP, campamento nos bosques aluviais do alto Miño, para coñecer morcegos e libélulas (do 31 de xullo ao 5 de agosto) <http://www.custodiadoterritorio.org/insua-camp>

Política

As fendas europeas

Pedro Pedrouzo Devesa



Carlos Spottorno e Guillermo Abril realizaron unhas das obras recentes máis destacables. A fenda (La grieta, da editorial Astiberri) é un cómic fotográfico que reflicte os distintos lugares polos que Europa está sendo pacificamente invadida por miles e miles de refuxiados e inmigrantes de todo tipo de países. Vemos como Melilla, Bulgaria ou Italia amurallan Europa para defenderse. O soño *protector* de Trump tamén se realiza no noso continente, lembrándonos que a distribución da riqueza mundial segue facéndose de forma inhumana e insostible. Volvemos a eterna solución que se repite ao longo da historia, amurallémonos: China, Roma, as cidades medievais e os países occidentais actuais son continuos exemplos do pánico que sentimos os acomodados, ante aqueles que non foron tan agraciados coa fortuna xeográfica.

E non sabemos como responder. Como afrontar dunha forma menos hipócrita e máis efectiva un reto que desafia o noso estilo de vida?

Dúas formas alternativas tomaron a iniciativa nas últimas décadas. A primeira foi a solidariedade, a economía do amor, da doazón. Aquela que nos emociona, algo que tamén é neces-

as fronteiras seguen sendo eses lugares que concentran a impotencia dos desfavorecidos

rio, pero que non abonda. Non podemos evitar un sentimento de culpa ao sabernos herdeiros da mellora paterna, e ver que o resto da tribu ficou coa peor parte da herdanza. A culpa amaina coa gratuidade, pero non desaparece se permanece a causa que a motiva.

A segunda alternativa foi a globalización, a economía do interese, mediante a conquista dos países empobrecidos por parte das grandes multinacionais. Parece que todo o mundo quere comprar as cousas o máis baratas posibles, así que ante a existencia de millóns de persoas capacitadas para realizar traballos por salarios moitísimos máis reducidos, as empresas conquistaron, unha parte, do sur dunha forma voraz, desigual e con resultados tan dignos como indignos. África, como sempre, ficou



apartada, salvo para todo o que teña que ver coa industria extractiva dos enormes recursos naturais que posúe.

A política tampouco foi capaz de crear espazos de entendemento entre países que queren seguir explotándose. Demasiadas vítimas febles no taboleiro. Demasiada tentación.

A fenda é unha historia necesaria que nos recorda a necesidade imperiosa de reconstruír os países destruídos, porque ninguén deixa a súa casa desa forma se non é obrigado. A fenda tamén nos recorda a nosa demostrada incapacidade para conseguir solucións. As fronteiras seguen sendo eses lugares que concentran a impotencia dos desfavorecidos e dos que desexamos esquecernos diariamente...sen conseguilo.



Esta fue solo la primera oleada de refugiados. Un año después, con la primavera árabe en Siria ya convertida en una guerra civil, el éxodo de personas que trataban de llegar como fuera a Europa empezó a tomar unas dimensiones desconocidas.



O peto común A importancia de termos voz

Manolo Regal Ledo

Escribo desde a experiencia do rural. Para moitísimas cousas moi importantes da nosa vida non contan connosco. Se hai que suprimir unha unidade escolar, decídeno eles; se a ampliación da Rede Natura colle o teu monte veciñal, decídeno eles, e nin sequera teñen a educación de cho comunicar despois de feito. E así todo. Non contan para nada connosco. Sorprendeume no seu momento esa palabra que se foi abrindo camiño entre nós. EMPODERARNOS, que coido que se lle debe ao feminismo. Grazas! Os de arriba (fixádenos na contundencia do dito "isto vén de arriba") apoderáronse da nosa voz, secuestráronnola, roubáronnola: pensan por nós, falan por nós, deciden por nós e... mexan por nós.

Pois ben, fronte a ese empeño deles por APODERARSE da nosa voz, fronte a ese abandono noso, deixando que nos rouben a voz, toca EMPODERARNOS, é dicir, non apoderarnos de nada, non roubarlle a voz a ninguén, senón facer uso normal da voz nosa (en galego, por suposto), como algo que nos pertence, que nos corresponde por lei de vida; e que non usen a democracia do "xa votas cada catro anos" para moi raposeiramente (con respecto polos raposos) roubarnos a voz.

Os de arriba (alcaldes e alcaldesas, cregos e bispos, ministros e ministras ...) téñenlle medo á nosa voz. En xeral evítana canto poden. E moitas veces nós entramos nese xogo, vemos como absolutamente normal o de estarmos calad@s, iso si, rosmando e maldicindo por tras, que é por onde a eles menos lle doe.

Outra cousa é ver como unha persoa, unha comunidade parroquial, un pobo chega a ter voz propia, voz con peso, con forza; voz pegada á vida, voz intelixente, voz rompedora, voz que se faga oír. Para saber ou ler ou ver, di o refrán. Ler, ver, xuntarse, debater --en grupo, claro--, ir tendo criterio, ir collendo confianza, ir crendo que somos quen de falar e de falar con acerto sobre o que nos afecta. E logo falar, escribir, berrar, protestar, razoar... Ata que nos teñan respecto, ata que digan: a voz desta xente vale tanto coma a nosa ou máis cá nosa, cómpre contar con ela. Daquela empezarán a cambiar moitas cousas. Mentres non. Nada.



O CARRABOXO por ROBE LOIS





Rematando maio, ex alumnos do seminario de Vilanova de Lourenzá xuntáronse para homenaxear e lembrar a Francisco Ron. A boa desculpa foi o libro Don Francisco Ron Sánchez, sacerdote republicano, do noso colaborador Anxo Ferreiro Currás. Con el conversamos sobre esta figura, que representa a moitos máis dos que parece.

Xa hai tempo que andas a pescudar neste tema que rompe co pensamento fácil...

Aí comezando este século empecei a estudar e investigar na nosa historia contemporánea. Concretamente, na igrexa no século vinte, especialmente no que toca a República e á Guerra Civil e ditadura. E vin que a II República non era o “demo”, nin tiña por dogma o ateísmo, nin o obxectivo era a persecución relixiosa. Non tiña, abofé, relixión de Estado, mais amparaba a liberdade de conciencia e de relixión, e o laicismo ben entendido era e é positivo.

Había carraxe contra o poder da xerarquía eclesiástica nos artigos da Constitución da II República?

Segundo analistas imparciais parece ser que si, é certo, faltou un pouco de tino político nesta carraxe contra a igrexa. Nesta loita contra a suposta carraxe destacou na tribuna das Cortes Basilio Álvarez e outros republicanos católicos convencidos. Emporiso, primou a liña da separación total da igrexa e Estado fartos da sacralización do poder da monarquía corrupta. Esa separación, coa intervención no ensino, culto e clero, cemiterios, matrimonio, ordes relixio-

Ademais dese documento claro de Vidal i Barraquer, hai curas que colaboraron gustosos coa República. Logo veu o golpe militar e a xerarquía uniuse a estes golpistas e o cardeal Gomá, por encargo de Franco, proclamou outra pastoral, condenando a República e bendicindo a guerra como Santa Cruzada. E neste intre hai curas republicanos, na zona republicana, que ocuparon postos civís que axudaron a manter a orde evitando moitos asasinatos diante dunha violencia tremenda contra os golpistas. Hai estudos moi importantes de teólogos que rebaten punto por punto a xustificación de Gomá da Santa Cruzada e o apoio da xerarquía do golpe militar e da guerra. Coa derrota foron uns “paseados”, asasinados, en número considerábel; outros exiliados, e outros xulgados e sentenciados á pena capital (que non se cumpríu) e encarcerados. Aínda houbo outros, sobre todo relixiosos, exiliados á forza ou desterrados. Todo isto está estudado no libro *Consejos de Guerra contra el Clero Vasco*. Os golpistas e a Igrexa botáronlle á República a culpa da guerra Civil, mentira que perdurou até os nosos días, mais as investigacións chegaron á verdade: A república non nos levou á guerra civil, foi o golpe militar o que destruíu a República.

E en Galicia, houbo logo curas republicanos?

Claro que houbo. Don Andrés Ares Díaz, párroco de Xestoso, Don Matías Usero Torrente, sacerdote de Ferrol. Ambos os dous da diocese de Mondoñedo e asasinados. Matías, no cemiterio de Canido, o 20 de agosto do 36, e Andrés, no de Barallobre, o 3 de novembro. Estes feitos espallaron deseguida o terror para que calquera con ganas de obedecer ás autoridades republicanas desistise de inmediato. Desde logo houbo curas valentes, poucos, que, se non republicanos, defenderon con ris-

houbo curas na zona republicana que ocuparon postos civís e axudaron a manter a orde constitucional

sas, supuxeron nun primeiro momento un enfrontamento coa xerarquía, o clero e a dereita capitalista; tanto que houbo a necesidade da intervención do cardeal primado Vidal i Barraquer promovendo nunha pastoral asinada polo episcopado español que a Igrexa e todos os fieis teñen a obriga, aínda así, de obedecer ás autoridades lexitimamente constituídas.

Houbo curas que defenderon a República?



co aos seus fregueses republicanos. Tamén hai que engadir o noso famoso agrarista e defensor da República, **Basilio Álvarez**, “o abade de Beiro”. Exiliado, por consello de Castela, puido acougar en Bos Aires onde defendeu a República cos seus famosos artigos no periódico *Crítica*, que recobrou unha tirada insospeitada. Este acougo foi removido polos enviados de Franco, e expulsado de Arxentina. Enfermo de hemiplexía morreu en Tampa, 15 de novembro de 1943, moi ben coidado no hospital español polos emigrantes galegos, moi fachendosos de teren alí ao seu admirado “abade de Beiro”. Unha irmá e cuñada de Higinio Martínez Freire (Gino) coida a sepultura, todos os anos.

E agora, soubemos doutro sacerdote republicano. Quen era don Francisco Ron?

A don Francisco Ron Sánchez coñecíamolo os alumnos que comezamos no seminario de Vilanova de Louren-

zá a finais dos corenta, os cincuenta e principios dos sesenta. Foi monxe en San Clodio, Ourense, onde profesou de monxe co nome de Isidoro, e recibiu as ordes sacerdotais. Moi pronto pediu a exclaustación e veu vivir ao seu pobo querido coa súa familia. E aínda que todos lle tiñamos cariño e admiración, porque era un cacho de pan, a sorpresa de todos nós foi descubrir o seu compromiso como crego republicano, nunha familia republicana. A partir do golpe militar foi imputado do delito de rebelión con tres irmáns. Viviron agochados por medo aos “paseos”. En setembro de 1938 presentáronse ás autoridades golpistas. O Consello de Guerra foi sobresido e libráronse da condena por milagre. Se ben foi absol-

A partir do golpe militar foi imputado do delito de rebelión con tres irmáns

to polo civil, a exclaustación, o ter sido republicano e sufrir a represión franquista, tróuxolle o maltrato dos bispos, sobre todo de Mons. Arriba y Castro. Estivo sen cargo eclesiástico dende 1924 a 1956. Non consta que tivese nomeamento oficial diocesano como profesor de Historia Sagrada e Xeografía. Recuperou o aprecio da xerarquía mindoniense sobre todo co bispo de Argaya co nomeamento de coadxutor de Vilanova, e denantes xa fora encargado de San Xurxo. Esta memoria tan atractiva deste personaxe removeu de tal forma a moitos alumnos que en menos dun ano preparamos unha homenaxe onde presentamos o libro *don Francisco Ron Sánchez, sacerdote republicano*, unha ofrenda floral no cemiterio, un acto cultural no salón do concello e unha obra de teatro, *A Lola*, pola asociación de *Avelaíña Teatro*.

Sería necesario e xusto facer memoria dun republicanismo católico que está silenciado?

Efectivamente. Mais a pregunta dá para outra longa entrevista. Creo, e concordo coa opinión de moitos cristiáns, que a Igrexa xerarquica vai por mal camiño ao renegar da República, da memoria histórica, beatificando só as súas vítimas, sen petición de perdón pola connivencia coa guerra e a ditadura. Lembro acotío as palabras do noso pastor, Miguel Anxo: “E a Igrexa española que tanto apoiou as forzas de Franco procure ser consciente das súas responsabilidades e pida perdón á sociedade española polo seu pecado público”. De todas formas isto como en todo debe comezar por abaixo para que cambien os de arriba.



Don Francisco co seu bo amigo Ramón Ventoso, gandeiro republicano, represaliado. Foto de *Images de Galice*, de Josip Ciganovic, fotógrafo serbio.



Os grupos de “Cremos no rural” celebran o San Cidre baixo o lema: a comunidade parroquial, tarefa común.

O día 17 de maio, día tamén das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares, os grupos de “CremosNoRural” celebramos o día do San Cidre, o día do mundo rural. Fixémoslo este ano na parroquia de Cabrui, Mesía, onde se está levando a cabo unha importante experiencia de militancia cristiá e social ao redor da Asociación “A Raíña”. E así se foi desenvolvendo este día de festa.

Acollida

Os homes e mulleres do lugar acolléronnos agarimosamente e obsequiáronnos cos seus bicos e apertas e cun petisco de queixo e pan, nun xesto primeiro e elemental de comunión que lles agradecemos de corazón. O tempo algo turbio invitaba a deixarse consolar por estes agarimos. Fomos chegando ata un número que andaría polas 400 persoas; viñamos de Campañó, de Portonovo, da Estrada, de Frades, de Bazar, de Rodeiro, de Ceuras, de Vilsantar, de Abadín, e, por suposto, de Mesía. Reencontrarnos, saudarnos foi un pracer. Todo estaba limpo e ben preparado para unha es-

tadía feliz. Graciñas de corazón! Era polas 11 da mañá.

Celebración

A partir das 12 empezou a celebración. Quixemos recoller e celebrar nela o traballo que durante este ano estivesmos levando a cabo nos diferentes grupos de “CremosNoRural”, que consistiu en ir vendo como chegar a unhas comunidades cristiás vivas nas parroquias rurais na situación actual do campo, en xeral bastante apagada tanto no civil coma no relixioso. Tamén queríamos celebrar que a Asociación “A Raíña”, situada nesta

comunidade de Cabrui, se facía cargo das instalacións da Escola Ecolóxica do concello veciño de Vilasantar, para levar a cabo unha prometedora experiencia social de formación e de apertura ao mundo laboral para persoas en situación precaria. Ao tempo, por suposto, non quixemos esquecer que estabamos celebrando o Día das Letras Galegas.

A celebración foi, coma case sempre, sinxela, leda, densa, cunha forte e sentida participación da xente normal do pobo nos diferentes momentos da mesma. Houbo tempo para acoller a xente asistente con bombas ecolóxicas, para escoitar a presentación que os veciños e veciñas do lugar facían de si mesmas e dos seus ideais presentes, para escoitar serenamente a Palabra de Deus, para pedir perdón, para facer ofrenda do traballo feito polos grupos de CremosNoRural. Neste momento tamén ofrendamos un dicionario galego e con el a figura de Carlos Casares, pero tamén a figura de todos os homes e mulleres de aldea que foron durante séculos os grandes soportes da nosa fala, os grandes creadores/as dela, os grandes sufridores/as tamén da mesma. Por certo, por este motivo comprometémonos a traballar para que, canto máis antes mellor, lle dediquemos o Día das Letras Galegas á literatura

comprometémonos a traballar para que, canto máis antes, lle dediquemos o Día das Letras á literatura popular



popular e a todos os homes e mulleres da terra e do mar, que con ela fixeron que a nosa fala durase tantos centos de primaveras.

Coa celebración puidemos gozar coa compañía de Xesús de Nazaré alentando e acompañando as nosas festas e loitas, facéndose pan e viño para o noso teimudo camiño.

Xantar e festa

Ás dúas xa estábamos xantando animadamente na carpa que se instalara para tal fin, e que o mal tempo fixo imprescindible. O xantar, coma sempre, abundante e compartido, regado con cautela polo viño e tamén polo bo humor, pola camaradería, pola irmandade. Un detalle para non esquecer: poñer a carpa custara sobre mil euros. Informouse á xente diso e de que alguén pasaría recollendo o que cada quen quixese achegar. De alí a pouco agradecéronse as achegas de todos: xuntáranse por riba de mil euros. O concello implicárase colocando bancos e mesados, cousa que tamén se agradeceu.

A festa foi tamén popular cen por cen. O que sabía algo, tocar, cantar,

contar un conto, subía ao escenario e compartía o seu bo ou mediano facer, que sempre era ben agradecido. Unha sobremesa espléndida, aínda que fóra seguise o mal tempo.

Inauguración da Escola Ecolóxica

Despois de xantar, trasladámonos ao veciño concello de Vilasantar; había poucos días que nun Pleno Municipal por unanimidade se lle concederan á

O que sabía algo,
tocar, cantar,
contar un conto,
subía ao escenario
e compartía

Asociación “A Raíña” o uso temporal, gratuíto, das instalacións dunha Escola Ecolóxica de recente construción (2007), pero que estaba inactiva. Curiosa esta Asociación, que se marca dous obxectivos fundamentais: atoparse coma irmáns/ás para rezar a partir da Palabra de Deus, e revolver ceo e terra para abrir camiños de esperanza para a xente sen saídas. Alí

puidemos escoitar o Alcalde de Vilasantar, a un representante da dita Asociación, ao seu promotor, o crego Víctor, todos tres para falar das razóns e das expectativas do que naquela hora botaba a andar; e tamén puidemos escoitar a Manolo Regal, que dun xeito breve e vivo presentou a carta encíclica do Papa Francisco *Laudato si*, que trata precisamente do coidado da casa común, é dicir, de ecoloxía. Rematou lembrando o dito do Xesús do Xeada, xa defunto, que nun grupo de estudo sobre a vida de Xesús de Nazaré, afirmou sisudamente: “Se fixésemos coma Cristo, viviríamos coma Deus”; para concluír tamén que, se tratásemos a casa común como o Papa nos suxire na súa carta, viviríamos coma Deus.

E con estas puxémoslle o ramo á nosa xornada. O rural, na vertente cívica e relixiosa, ofrece certamente moitos sinais de decaemento. Tamén nos regala cunha chea de agasallos, entre os que cabe contar esta celebración de hoxe e outras máis ou menos similares, e toda a vida e empeño que hai detrás. Contra todo prognóstico, temos futuro, temos mañá. Contra todo prognóstico, CremosNoRural.



Pingas de orballo LOLA DE AGHIÑO, A CHOPA

Baldomero Iglesias Dobbarrio. Mero



Todas as persoas que asistimos ás romaxes, e todos estes anos, involuntariamente repasamos as caras dos presentes e evocamos en silencio aos ausentes, que botamos en falta ou -aqueles que toleamos xa hai tempo- imaxinamos brincando valos ou collendo un sitio desde o que observar a concorrència. Son coma trazos daquel cadro precioso e multicolor que un día nos configuraba pobo, resistente e firme, e que segue a ofrecer horizontes de esperanza. Aquel que un día, e eu fun testemuña, comezou no Pedregal de Irimia e foi percorrendo a xeografía do País, o noso, este que tanto nos doe e que, precisamente por iso, amamos tan fondamente, nesta súa dor compartida que nos fai nación e neste orgullo da orixe que nos dá carta de identidade diante do mundo. Naquel cadro memorizado no fondo das retinas, estarán sempre moitas persoas coñecidas e queridas, sen elas non sería posible describir a crónica do común destino.

Por mágoa para nós, foise outro trazo valente, militante e reivindicativo, foise a muller loitadora, incondicional na entrega, a Chopa, Lola de Aghiño. Sempre a vexo na memoria, decidida e abrindo camiños con Paco de Aghiño, outro incondicional activista da Cultura e da recuperación da nosa dignidade. Pero o outro día, a comezos de marzo, decidiu empre-

nder outros espazos, agora da nostalgia. O crego que misou no funeral empeñábase en dicir, en chamala repetidas veces, Dolores. Así lle puxeron, ben sei, pero certamente, ela non era Dolores Pérez González malia toda a oficialidade dos certificados. A mágoa era que por ese nome ninguén a coñecía. Son cousas que complican, disfuncións do entendemento desde a linguaxe. Habería -e pode parecer unha ousadía- que respectar a toponimia humana para impedir que se poidan espallar malentendidos. Debemos gardar o gran cando alimenta vontades e ilusións nun soño común

ses e aínda se facían probas de todo, dispoñendo lugares, escenario, interaccións, e outras cousas, viñan os de Aghiño e diante, viña Paco e Lola, a muller en loita permanente, por mor daquel ideal de xustiza que soñamos e un día, eu estou certo, acadaremos.

Debémonos reconfortar, aledarnos por riba da pena sobre todo cantos tivemos a sorte de coñecela, precisamente por sabela connosco e poder evocala nesa loita permanente alentando os nosos azos. É unha lección de humanidade incalculable que non vén nos libros, que só se sabe no con-

Desde alá mirará A Chopa co seu sorrir de loita e de vitoria

de verdade, que é semente. Menos mal que chegou Rubén, o Aramburu, e chamouna como é debido, para sacarnos da incerteza. Daquelas respiramos tranquilos.

Desde alá mirará A Chopa co seu sorrir de loita e de vitoria, dicindo: “así é e así terá que ser! Ou non, Meriño? Afirmacións teimudas da súa boca e tamén do seu gran corazón, que expresaba a rebeldía diante do desamparo.

Pois si, nas romaxes, de mañá cedo, cando chegaban os primeiros autobu-

tacto entre nós, que nos fai máis sensibles polo feito de gardar memoria e de compartir así, con ela, tantas pasaxes desta contenda común.

Foi na tarde dun venres do mes de marzo, facía frío e ventaba o nordés, vento lurpio que nos xeaba os corpos pero que non foi quen de conxelar a alma, alí onde gardaremos á nosa amiga, á nosa compañeira de loitas e de soños, á Chopa de Aghiño. Alá onde te encontres, mándanos a túa forza mariñeira, salitrada no sorriso da nosa vitoria certa.

As furtadelas O empobrecemento da Teoloxía

José María Castillo



Boff, Gutiérrez e outros teólogos nun congreso organizado por Amerindia no ano 2015

Por lei de vida, a gran xeración de teólogos que fixeron posible a renovación teolóxica que levou a cabo o concilio Vaticano II está a punto de extinguirse. E nas décadas seguintes, por desgraza, non xurdiu unha xeración nova que puidese continuar o labor que os grandes teólogos do século XX iniciaron. Os estudos bíblicos, algúns traballos históricos e algo tamén no que se refire á espiritualidade son ámbitos do quefacer teolóxico que se mantiveron dignamente. Pero incluso movementos importantes, como ocorreu coa teoloxía da liberación, dan a impresión de que se están vindo abaixo. Oxalá me equivoque.

Que sucedeu na Igrexa? Que nos está pasando? O primeiro que deberíamos ter en conta é que é moi grave o que estamos vivindo nesta orde de cousas. Os demais ámbitos do saber non paran de medrar: as ciencias, os estudos históricos e sociais, as máis diversas tecnoloxías, sobre todo, sorpréndennos cada día con novos descubrimentos. Mentres que a teoloxía (falo en concreto da católica) segue firme, inaccesible ao desalento, interesándolle cada día a menos xente, incapaz de dar resposta ás preguntas que se fan tantas persoas e, sobre todo, empeñada en manter como in-

tocables presuntas “verdades” que non sei como se poden seguir defendendo a estas alturas.

Por poñer algúns exemplos: Como podemos seguir falando de Deus, coa seguridade con que dicimos o que pensa e o que quere, sabendo que Deus é o Transcendente, que – polo tanto – non está ao noso alcance? Como é posible falar de Deus sen saber exactamente o que dicimos? Como se pode asegurar que “por un home entrou o pecado no mundo”? É que imos presentar como verdades

A gran xeración de teólogos que fixeron posible a renovación do concilio Vaticano II está a punto de extinguirse

centrais da nosa fe o que en realidade son mitos que teñen máis de catro mil anos de antigüidade? Con que argumentos se pode asegurar que o pecado de Adán e a redención dese pecado son verdades centrais da nosa fe? Como é posible defender que a morte de Cristo foi un “sacrificio ritual” que Deus necesitou para perdoar as nosas maldades e salvarnos para o ceo? Como se lle pode dicir á xente que o sufrimento, a desgraza, a dor e a morte son “bendicións” que

Deus nos manda? Por que seguimos mantendo rituais litúrxicos que teñen máis de 1 500 anos de antigüidade e xa ninguén entende, nin sabe por que se lle seguen impondo á xente? De verdade cremos o que se nos di nalgúns sermóns sobre a morte, o purgatorio e o inferno?

En fin, a lista de cuestións estrañas, increíbles, contraditorias faríanse interminable. E, mentres tanto, as igrexas baleiras ou con algunhas persoas maiores que acoden á misa por inercia ou por costume. Ao tempo

que os nosos bispos poñen o berro no ceo por asuntos de sexo, mentres calan (ou fan afirmacións tan xenéricas que equivalen a silencios cómplices) ante a cantidade de abusos de menores cometidos por clérigos, abusos de poder que fan os que manexan ese poder para abusar duns, roubar a outros e humillar aos que teñen ao seu alcance.

Insisto en que, na miña modesta maneira de ver, o problema está na

As furtadelas

O empobrecemento da Teoloxía

José María Castillo



O papa Francisco quere unha "Igrexa en saída", aberta, tolerante, creativa

pobre, raquítica, teoloxía que temos. Unha teoloxía que non toma en serio o máis importante da teoloxía cristiá, que é a "encarnación" de Deus en Xesús. O chamamento de Xesús a "seguilo". A exemplaridade da vida e do proxecto de vida de Xesús. E a gran pregunta que os crentes tiñamos que afrontar: Como facemos presente o Evanxeo de Xesús neste tempo e nesta sociedade que nos tocou vivir? Remato insistindo en que o control de Roma sobre a teoloxía foi moi forte, desde o final do pontificado de Paulo VI deica a renuncia ao papado de Benedito XVI. O resultado foi tremendo: na Igrexa, nos seminarios, nos

centros de estudos teolóxicos, hai medo, moito medo. E ben sabemos que o medo bloquea o pensamento e paraliza a creatividade. A organización da Igrexa, neste orden de cousas, non pode seguir como durante tantos anos. O papa Francisco quere unha "Igrexa en saída", aberta, tolerante, creativa. Pero, seguiremos adiante con este proxecto? Por desgraza, na Igrexa hai moitos homes, con bastóns de mando, que non están dispostos a soltar o poder, tal como eles o exercen. Pois, si é así, adiante! Que pronto teremos liquidado o pouco que nos queda.

Temos unha teoloxía raquítica, que non toma en serio o máis importante da teoloxía cristiá: a "encarnación" de Deus en Xesús



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



A CLAVE

Permacecer. Xoán pon en boca de Xesús una das chaves do sermos en comunidade. Na comunidade todos formamos parte de algo máis forte e grande que nós sen perder a nosa identidade. As cristiás somos comunidade en tanto formamos parte do corpo de Cristo, en tanto entramos a formar parte do seu proxecto de amor para o mundo. Formar parte deste proxecto fainos permanecer no mundo, na historia. Dalgún xeito, ese permanecer é a clave da resurrección. Oscar Romero, na súa última homilía radiada, uns días antes do seu asasinato dicía: “Se me matan resucitarei no pobo salvadoreño”. E así é. Hoxe Romero vive resucitado na Igrexa, no pobo de Deus. Foi quen dun acto de amor. Soubo ir máis aló de si mesmo, camiñar cara o amor, e por iso permanece no amor.

Nas sociedades buscamos unha identidade colectiva na que permanecer alén das nosas identidades individuais: a nación, a patria. En Xesús a permanenza vai máis aló dunha cultura ou dun contexto histórico concreto. Os nacionalismo son cousa do Antigo Testamento. A nación elixida, o pobo santo, vense desbordados por unha nova identidade: a comunidade universal de amor. O amor faise carne concreta, e o banquete comunitario é a nova materia de identificación histórica, verdadeira comida e verdadeira bebida que nos fai permanecer no amor.

Marisa de Corme

O ECO

O sábado 27 de maio houbo unha actividade reivindicativa en Valladolid co lema de “5.000 sonhos afogados”. Desde o colectivo dos indignados pretendíase xuntar a cinco mil persoas, que son os mortos rexistrados no Mediterráneo no ano pasado, na praia fluvial de Valladolid e alí representar, todos tirados na area, os cadáveres de tantos migrantes, homes, mulleres, nenos e nenas que rematan así a súa viaxe e a súa vida.

A organización, a través da megafonía, fixo soar unha sirena que era o sinal de deitarse durante varios minutos escoitando unha gravación de ondas do mar, mentres xornalistas, fotógrafos e cámaras tomaban imaxes. Logo outra sirena foi o sinal de que xa podíamos erguernos.

O acto continuou coa lectura dun manifesto, con cancións, con palabras e con sons e quen máis, quen menos, saímos de alí emocionados, chegando a unha conclusión: compartir o pan e o viño cos nosos irmáns inclúe non deixar que morran, abrílles as fronteiras, as portas e os corazóns, poñernos nos seus zapatos e actuar en consecuencia.

Olga Álvarez

A PALABRA

DOMINGO 18 DE XUÑO. FESTA DE CORPUS

A PALABRA. Xn 6, 51-58

Naquel tempo, díxolles Xesús aos xudeus: «Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo.» Discutían entón entre eles os xudeus: «Como pode este darnos a comer a súa carne?» Díxolles entón Xesús: «Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Do mesmo xeito que o Pai que me mandou vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo; non semellante ao que comeron os vosos pais, que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.»

Falando da lingua Hai unha pola pola póla

Lidia e Valentina



© Can Stock Photo

A pola vai pola póla

Ben ves que estás na última páxina da revista. E hoxe *ves* (con e pechado) que *vén* (con e aberto) con información algo complexa. *Ben/ ven / vén* segundo o que significa escríbese dun xeito ou doutro. Tamén se pronuncia de forma diferente o vocábulo que está no medio respecto do dos extremos, cousa da que non todo o mundo se decata, polo que non pode aplicar a regra que di que no caso de dúas palabras que se escriban igual, aquela

que teña a vogal aberta vai ir marcada cun til. “Se ven *ben* non lle poñas lentes, pero se *ven mal. si*”. Así, podes usar a regra que queiras, pero lembra que “Se el *vén* por aí, eles non o *ven*”. Claro que “Se *ves* que *vén* tarde non o deixes entrar” porque “Eles *ven* que ti *vés* mal porque se che nota na cara”. E *pola* cara tamén se lle nota a *présa* por ir coller esa *presa*. A *presa* é en realidade unha *pola* que lle escapou do galiñeiro onte e quedou *fóra*,

debaixo desas *pólas* de carballo que ten na horta. Unha vez morta a *pola*, fixo un *bolo* do pote e mais unha *bola* de pan, desas que parecen bólas de tan grandes que son. *Cómpre* que non *compres* xa *máis* comida.

Se *dás* lido todo ata aquí ben pronunciado xa sabemos que *dás* o nivel fonético axeitado de calquera galegofalante de orixe. Mais se non *dás*, non hai problema porque se practicas, aprendes. Con todo, podes lucirte con aqueles termos que non se pronuncian de forma diferente. Aí é cando entra en xogo a palabras á que se lle pon acento para diferenciala na escrita doutra que ten a mesma pronuncia. Se *te* lías, non tomes *té* que altera os nervios e así non *cha* van dar explicado nin sequera na Terra *Chá*. É mellor relaxar cun bo prato de *ás* de *polo máis* torradas, aínda que teñan moitos ósos.

Pechamos sen *dó da* dúbida que *vos* poidamos ter deixado e *mais* cunha pregunta: que era que *vos* queríamos ensinar a *vós* con esta lingua de hoxe?

O Fachineiro da man que che dá de comer

Medios e medias

Nos Estados Unidos de América disque a prensa está a vivir unha idade de ouro, un efecto colateral da era Trump. Tantos son os disparates, as negligencias, as mostras de vandalismo político, as meteduras de pata que a xente asisada achégase a diarios e canles de noticias coa intención de atopar alí análises demoradas e atinadas que traballen a información, pois ese é o labor do xornalismo. Todo ante os ataques irados do presidente que, a cada novo escándalo, non deixa de acusar aos medios non afíns de inventar noticias na súa contra. Un dos diarios de referencia que non lle cae ben a Trump é, por suposto, o *New York Times*. Agora o xornal ten unha oferta segundo



a que, por menos de euro e medio á semana, dan acceso a súa edición dixital e a todo o seu arquivo desde 1851. Non é con ánimo de comparar diarios, pero o actual representante da dinastía Baltar, o das gravacións nas que ofrecía un posto de traballo a cambio de

sexo, acaba gastar 2,7 millóns de euros nosos en comprar o arquivo en papel do diario ourensán *La Región*. Iso si, sen dixitalizar, que iso vai á parte. Se o fíxese a Deputación de Nova York co *Times* ata diría que estaba comprando favores, pero tratándose dunha institución tan transparente coma a Excma. de Ourense non o creo.

A.Q.